

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

**10518** *Lei 19/2014, do 15 de outubro, pola que se crea o Consello Xeral de Colexios Oficiais de Dietistas-Nutricionistas.*

FELIPE VI

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

#### PREÁMBULO

A Lei 2/1974, do 13 de febreiro, de colexios profesionais, establece no seu artigo 4.4 que, cando estean constituídos varios colexios da mesma profesión de ámbito inferior ao nacional, existirá un Consello Xeral de Colexios, cuxa creación debe ter lugar mediante lei do Estado, a teor do previsto no artigo 15.3 da Lei 12/1983, do 14 de outubro, do proceso autonómico.

A situación antes descrita prodúcese na actualidade en relación coa profesión de dietista-nutricionista, polo que resulta procedente constituír mediante esta norma o correspondente Consello Xeral de Colexios Oficiais de Dietistas-Nutricionistas.

#### Artigo 1. *Creación.*

Créase o Consello Xeral de Colexios Oficiais de Dietistas-Nutricionistas como corporación de dereito público que terá personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins de acordo coa lei.

#### Artigo 2. *Relacións coa Administración xeral do Estado.*

O Consello Xeral de Colexios Oficiais de Dietistas-Nutricionistas relacionarase coa Administración xeral do Estado a través do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade.

#### Disposición adicional primeira. *Comisión xestora.*

1. No prazo de dous meses desde a entrada en vigor desta lei constituirase unha comisión xestora composta por un representante de cada un dos colexios oficiais de dietistas-nutricionistas existentes no territorio nacional, sempre que se encontren constituídos ou sexan formalmente creados pola correspondente comunidade autónoma.

2. A comisión xestora elaborará, no prazo de seis meses contado desde a entrada en vigor desta lei, uns estatutos provisionais reguladores dos órganos de goberno do Consello Xeral de Colexios Oficiais de Dietistas-Nutricionistas, nos cales se deberán incluír as normas de constitución e funcionamento de tales órganos, con determinación expresa da competencia independente, aínda que coordinada, de cada un deles.

3. Os estatutos provisionais remitiranse ao Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, que verificará a súa adecuación á legalidade e ordenará, de ser o caso, a súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Disposición adicional segunda. *Constitución do Consello Xeral de Colexios Oficiais de Dietistas-Nutricionistas.*

1. O Consello Xeral de Colexios Oficiais de Dietistas-Nutricionistas quedará formalmente constituído e adquirirá personalidade xurídica e plena capacidade de obrar no momento en que se constitúan os seus órganos de goberno conforme o previsto nos estatutos provisionais a que se refire a disposición anterior.

2. No prazo dun ano desde a súa constitución, o Consello Xeral de Colexios Oficiais de Dietistas-Nutricionistas elaborará os estatutos previstos nos artigos 6.2 e 9.1.b) da Lei 2/1974, do 13 de febreiro, de colexios profesionais, que serán sometidos á aprobación do Goberno, por proposta do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,  
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 15 de outubro de 2014.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,  
MARIANO RAJOY BREY